

COMISIÓN DE GARANTÍA DA CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE MAIO DE 2015

Acórdase por asentimento:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 17 de abril de 2015¹, enviada a todos os membros da Comisión, coa seguinte modificación a proposta do estudante D. Ángel Rodríguez Escribano: no punto 6º da orde do día onde di “por facilitar toda a materia actualizada” cambiase por “os apuntes da materia de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Licenciatura en Dereito”.
2. Aprobar que se farán unha ou dúas sesións do “Curso para a elaboración das guías docentes a través da plataforma Docnet” e, asemade, faise constar que dentro das funcións da coordinadora do Grao non figura a de asistir de xeito persoal e individualizado a cada un dos coordinadores de materia na elaboración da guía docente a través da plataforma Docnet.
3. Valorar que (sen prexuízo da necesaria coordinación intercentros por medio do informe de seguimento para garantir o cumprimento das Memorias dos títulos de Grao e Máster), na elaboración das guías docentes das titulacións adscritas á Facultade de Dereito non existirá este ano coordinación coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo encamiñada a que as guías docentes sexan idénticas, pois (sen prexuízo de que aquelas/os profesoras/es de Ourense que voluntariamente queiran coordinarse con profesoras/es de Vigo, poidan facelo) establecer mecanismos vinculantes para conseguir tal fin vulnera o art. 20 da Constitución española (liberdade de cátedra), os arts. 52 e 56 da LOU (plena capacidade docente) e os intereses dos estudantes de ambos os dous centros.

Ourense, 11 de maio de 2015

Decanato
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo
A secretaria
M^a Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 8 de maio de 2015 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 11 de maio de 2015.

A SECRETARIA
M^a Dolores Fernández Fustes

¹ A acta coas correspondentes modificacións pode consultarse na Secretaría do Decanato.